



O CUARTO REI MAGO



Leva un vestido moi raro,
pixama parece ser,
de veludo colorado
con capucha de satén.

Nin sequera sabe o
día de agasallos
ofrecer pois vén pola
Noiteboa no canto do
día de Reis.

É un vellote barbicano,
chamado Papá Noel...

Para que un cuarto Rei Mago
se nos chegaba con tres!!

Son tan magos os Reis Magos
moito máis do que a xente cre,
os tres magos son tan magos
que nin sequera son tres.

Anda por aí un intruso,
a saber de onde el vén,
que leva un saqueto ao lombo
e dentro del, eu que sei!

Éche un vello repoludo,
que en nada semella un rei
e anda facendo os labores
que non lle toca facer.

